Ramón Villar Ponte
Vivero

Franqueo Concertado

# A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

**Non hai máis que unha fórmula de absoluta eficacia para destruir o caciquismo:**

**A Autonomía**

De Galicia a Cataluña

## Na Diada de San Jordí

*(Discurso pronunciado na festa catalana celebrada en Compostela).*

Señores radiouvintes de Galicia: Celebran hoxe os cataláns a festa de San Jordí, patrón de Cataluña. E hoxe máis ainda, que coma festa de esprito recobrado, coma comentario ao fenómeno determiñador da súa historia moderna. Tamén en Compostela. Eiquí, no cerne de Galicia, se xuntaron estudantes universitarios, en festexo de conmemoranza esprituai. I-é que nistes intres, a i-alma de Cataluña queima ao pobo nas ilusións da propia vontade. E, que nos cumios brancos dos Pirineos, e ao fondo, na terra baixa, antre as antigas angueiras, vibra toda a sua eternidade rediviva, conscente, lúcida meditativa. E que os vellos albres—olivas mediterráneas—soan ao compaso d-aquil Humanismo clasicista que motivóu un nivel, cada vegada máis ergueito na escada da cultura catalana

Indubidablemente, Cataluña está perfilada claramente coma Patria e coma cultura. O mesmo con Estatuto que sin Estatuto. O mesmo con Autonomía que sin ela. Porque Cataluña mantivo e mantén unha Renacencia esprituai en todol-os ordes da súa aitividade anímica. Porque no decorrer da Historia, comóu unha aituación firme—sin esvaimentos, nin distraicións—no campo da Libertade. Sobor de todo, no campo da Libertade do Esprito, garantía e seguranza de todal-as outras libertades

A teoría catastrófica da decadencia fatal, desartigoada e demagóxica, opuxo —nun grupo reducidísimo de persoas—a teoría do Renacimento, das floridas novas, dos anovamentos sucesivos. Daquela seiva, naceu un froito futurista acugulado de anceios multiformes. Isto, porque unha civilización pode facerse e garantizarse en poucas persoas. Abonda que todas elas produzan e aitúen, conscentemente, nun mesmo senso, inspiradas por un sentimento i-esprito idénticos. I-en Cataluña, un grupo asín, reducido pero escolleito, marcóu os puntos pra recrear a Patria, e amasóu en ondas a música da i-alma, pra refacer a súa Cultura. Eran os apóstolos, inquedos, insatisfeitos, como todol-os apóstolos auténticos. Eran a vontade redentora feita alborada, antre as encostas cubertas de vides e de olivareiras da Terra Catalana.

Valentín Almirall, escritor de ergueita espritualidade e de aberta intelixencia, home de formación liberal, enrolado na nova política, sabe da historia que foi e presinte o futuro que tén de vir. Aribau eisprica poéticamente unha «Oda á Patria», que é unha elexía. Maragall, coma un indiñado profeta, condena o maliño esprito do xenio político; o gusto pol-a parodia; os grandes programas integrales e aturadores. Abandona en resume, a elexía patriótica, pra facer revivir no canto, unha Cataluña impetuosa i-erecta. E Marián Aguiló, con idealidade idéntica á de Mistral, tiña formulado, que pobo que recobra a súa língua reconquírese a sí mesmo. Marián Aguiló resume todo o senso da complexa restauración nacional de Cataluña, no de levar a doitriña recobradora do idioma as súas derradeiras consecuencias.

A Lingua é toda a base, todo o fundamento da Renacencia nacional. Por iso a dictadura da vulgaridade que equival, en política, á demagoxia plebeia, ataca ao idioma na sua esencia. Por iso os cerebralistas da hexemonía lingüística, dicen mentiras da múltiple variedade idiomática. Por iso aquel anticiparse sin se realizar; aquela inhibición no intre en que cabía crear, e que caraiteriza a toda decadencia, bota por terra o estormento da «Fala».

Cataluña renace asentada no seu idioma. E alóngase coma Patria e coma Tradición, na lembranza inesquecente dos seus mortos. Hoxe, día de San Jordi, descúbrese por todal-as montanas e por todol-os vals, nas congostras e na beiramar, o segredo do nacionalismo catalán que é o segredo de todo Rexurdimento. O segredo que non está no que é, sinón no que foi e quere seguir sendo. Na bandeira borrada coa imaxe da santa cruz de San Jordi, paisaxíranse en filmógrafo ourilocente, as vivencias da nación catalana: a Patria, a cultura. E nelas, coma denominador común, a xuventude que, coma nos mellores tempos de clasicismo grego, postula as loitas atléticas para mellorar a raza; as loitas poáticas pra determiñar o progreso literario; e as loitas cívicas, coma sinaladoras do progredir social.

Qué ben, pois, que eu queira facer arestora protesta de irmandade, antre a mocedade da Galicia que nace e a mocedade da Cataluña nacional. Nós temos, tamén, unha idea e unha forza na Cultura galega. Galeguismo que quer decir, a integridade do ser e da ialma galegas. Nós temos, tamén, un Renacimiento Literario. E apóstolos inquedos e insatisfeitos. E temos unha arte e unha lingua e un esprito. Sin que falte un patrón da galeguidade: Sant-Iago, faro no novo Oicidente que espalla fouces de luz, estrelas no camiño do noso pobo, que il recadóu, coma peleriño por todol-os posibles vieiros da Europa.

Irmáns de Cataluña: As epopeias de todol os pobos, gardan un pouco de aquil ár de marcha que a cada un guiaba en demanda da Patria soñada.

Galicia é o Céltigo. O vento que infla as velas e leva as navegación ás descubertas, as infindo sin beiras.

Cataluña é o Humanismd clasicista, helenista, mediterráneo oicidental que perfila caraiterísticas diferenciadoras.

Tamén no ano derradeiro. Niste mesmo día da festividade de San Jordi, andiven a repetir o evanxeo histórico das nacións ibéricas, fundidas unha fonda aperta de irmandade. Entón, como agora, os cataláns residentes en Compostela, realizaran un programa conmemorativo do seu Patrón Nacional. Por iso, agora como entón, desexo lembrar nista conmemoranza aquelas verbas de Prat de la Riba: «Si ser Patria, si eer Nación, era tér unha lingua, unha conceición xurídica, un senso da arte propios: si era tér esprito, caraiter, pensamento nacionaes, a eisistencia da nación ou da Patria era un feito natural, como a eisistencia dun home, independentemente dos dereitos que lle fosen de feito recoñecidos...»

A Patria catalana e a Patria galega, teñen os seus camiños firmes e seguros, pra chegar ao claro horizonte da sua Libertade. Por éles temos a obriga de decorrer, refacéndonos coma estormentos con categoría no Universo.

Hoxe, 23 de abril de 1936, quero dar un berro senlleiro as duas Terras irmáns, pra que se fundan de beira a beira no postulado común.

¡Visca Catalunya lliure!
¡Viva Galicia libre!

FRANCISCO F. DEL RIEGO.

## Cara o Plebiscito

Na sesión do Concello do Cruña celebrada o miércoles foi aprobada por unanimidade a seguinte moción:

*Primeiro.* Determiñar a máis rápida forma de convocatoria e celebración do Plebiscito para o Estatuto de Galicia.

*Segundo.* Que o Concello da Cruña destiñe cincuenta mil pesetas para contribuir aos gastos de propaganda e demáis que se orixinen con motivo d-este asunto.

*Terceiro.* Invitar a todol-os Concellos galegos para que contribuian con cantidades proporcionaes aos seus ingresos.

Despóis d-unhas verbas do Alcalde señor Suárez Ferrín e do concellal señor Somoza, nas que dixo que este é o intre oportuno para que Galicia acade a súa autonomía e que toda persoa repubricán ten que ser autonomista, ficou aprobada a moción.

O Concello da Cruña inicia os primeiros traballos prácticos para chegar de maneira urxente a plebiscitar o noso Estatuto.

Damos a noticia coa alegría que é fácil supoñer.

Agardamos e confiamos en que os demáis Concellos de Galicia e as Diputacións secundarán rápidamente o exempro do Concello cruñés e non tarde en ser convocado o Plebiscito.

Todos con entusiasmo a traballar pol-o seu conquerimento.

Viva Galicia autónoma.
Viva a República.

## FENESTRA

Pasado mañán faranse as eleicións de compromisarios. No prazo de dous meses duas eleicións xeraes. O corpo electoral anda a espelirse. Para algúns ésto é unha dificuldade. Para min coido que boa falla fai que a xente se vai convencendo da importancia que ten a súa intervencion na vida públrica. Aquí onde as eleicións foron sempre unha boa farsa vai sendo hora de a cibdadanía teña estes motivos de se manifestar e acostumar. Veremos si pol-o menos o uso crea unha concencia cívica e faise realidade aquelo que reza na Constitución de que «os poderes emanan do pobo».

Os partidos de dereitas anunciaron unha nova abstención. Tamén é a segunda. A primeira foi a das eleicións municipaes que non se chegaron a efectuar. Esta abstención representa con exactitude o chamado dereito de pataleo. Conoscen a súa actual impotencia e a disfrazan d-ese xeito. Saben ben que non acadarían unha maoría que lles permitira poñer na xefatura do Estado a un señor que poidera actuar ao seu antoxo. As dereitas reclaman garantías.

Garantías reclamaron as esquerdas e máis, emporiso, foron ás eleicións de Febreiro cos Concellos en máns de xestores nemigos dos partidos d-esquerda e incruso da Repúbrica. E foron e trunfaron. Si as dereitas tiveran a menor espranza de acadar un trunfo semellante, non practicarían unha abstención diante da qué todos sabemos a que aternos. Máis ainda cando as eleicións que se van a facer mañán non poden sufrir un aprazamento. A Constitución non o permite. No prazo de un mes hai que elexir o novo Presidente. Si este prazo non se cumprira exactamente xa veríamos as dereitas tildar de anticonstitucional ao Goberno. E tirar do feito unha bandeira.

Fora de todo esto, estas eleicións poideran ser un certo consolo para moitos dos candidatos derrotados nas eleicións de Febreiro. Aqueles que non lograron conquerir unha acta deberían intentar conquerir agora unha credencial de compromisario. Consolaríanse alternando unhas horas cos diputados, lembrando pasados tempos. Un viaxe a Madri gratis e unhas pesetiñas por engádega.

Así como no futbol e n-outros deportes hai un campeonato de consolación o mesmo poiderarepresentarpara eles estas eleicións si o Frente Popular tivera en conta estas cousas de carácter afectivo. Deixar aos derrotados soñar unhas horas...

Vede como, si esto sucedese, Galicia delegaría a súa representación en Pita Romero, Fernando Ramos, Emiliano Iglesias e tantos outros que xa foron compromisarios nosos. Para outras cousas e por moito máis tempo.

V.

DO MOMENTO

## ESTATUTOS

Os vascos presentaron xa o seu Estatuto ao Parlamento. Desiñouse a Comisión de Estatutos que preside Indalecio Prieto e da que forman parte, ademáis do noso diputado Castelao e Tafall presidente do Comité do noso Estatuto, representantes vascos, cataláns e valenciáns. Unha Comisión onde hai maoría absoluta de sinceiros e ferventes autonomistas.

O Estatuto vasco será, por eso e porque este Parlamento está obrigado a aprobalo por ser expresión dos compromisos autonomistas do Frente Popular, unha realidade dentro de poucos meses. Este ano será o do Estatuto vasco e son dous xa os que fican estabrecidos.

O noso Estatuto ten que ir axiña ao Parlamento. Falla somentes a súa aprobación plebiscitaria. O intre non pode ser millor para elo. Non é soio que os Partidos do Frente están comprometidos a facilitar a súa aprobación sinón que ademáis óllase viva e latente unha aspiración popular endereitada cara o seu conquerimento.

Non eisiste a oposición que eisistiu fai tres anos. Moitos dos mesmos que entón se opuxeron por posición partidista ou por desconoscemento exacto da custión son hoxe convencidos autonomistas. A realidade fíxolles abrir os ollos e decatarse da necesidade repubricán e galega de que a nosa Terra poida rexirse de seu.

[illegible] sélitos a prol do autonomismo galego. Os feitos políticos acontecidos durante os anos derradeiros ergueron un convencimento. A aprobación do Estatuto vasco fará aumentar ainda o ambente en Galicia xa que a ninguén, que non careza de instinto de conservación, se lle oculta que a promulgación de cada Estatuto non galego agudiza os nosos probremas de todo matiz si Galicia ha de seguir sometida ao centralismo

Andamos a cotío recibindo probas nidias de cómo eisiste arestora un craro desexo de que o intre non se perda e Galicia conquira a autonomía. Decote nos preguntan aos galeguistas, cómo si excrusivamente de nós dependese a cousa, cándo se fai o plebiscito. Xentes da máis arredada ideoloxía manifestan a súa preocupación favorabel.

Non ten unha oposición forte e que pague a pena de se preocupar por ela. Poidera habela xorda e calada. Mais a esa oposición é fácil facerlle frente e vencela. Non pode eisistir nos orgaismos públicos hoxe en máns de auténticos repubricáns. Nin as diputacións nin os Concellos poden ser nemigos, nin siquera emboscados, da aspiración galega. Pol-o contrario, son eses orgaismos os que teñen a obriga de impulsar activamente o intre e o trunfo. De todol-os xeitos.

Por obriga política e patriótica e tamen por convencimento absoluto.

Compre imprimir á cousa unha celeridade necesaria. Quén pode, non debe deixar que esmoreza en dilacións máis ou menos xustificadas este momento definitivamente mañífico.

Temos confianza nos homes que están chamados a facelo. Agardamos do seu craro entendimento, do seu probado fervor autonomista, da consciencia de responsabilidade que lles compre e do seu convencimento do que para Galicia siñifica a autonomía, máis a consulta ao noso país. El responderá axeitadamente, lediciosamente.

Que este ano sexa o ano dos Estatutos. Catalunya co seu recuperado. Vasconia poñendo o seu en marcha. E Galicia vendo feita realidade a súa secular aspiración.

VICTOR CASAS.

## Follas Novas

*Primeiras cantigas do Amor*, Xosé Díaz Xácome.—Temos recibido unha belida coleición de oito poemas, oito cartulinas soltas n-unha cuberta belamente editada, dos que é autor Xosé Díaz Xácome.

Editadas en Mondoñedo, terra do autor, levan mañíficas ilustración de Vidarte e unhas verbas de Alvaro Cunqueiro.

Un mañífico poeta novo se nos amostra por primeira vegada n-estas «Primeiras cantigas do Amor». Versos ao xeito trovadoresco, inspirados e finos, que nos din que a lírica galega atopou un novo e inxente tanxedor.

Das terras mindonienses, como Leiras, como Aquilino Iglesias, como Alvaro Cunqueiro, chéganos o tanxer de Díaz Xácome, tanxer de rebuldeira ledicia anunciando a aparisción d-un novo poeta.

Saudámolo fervorosamente cobizando novas produccións que lle donen o lugar a que, por estas primeiras, adiviñase ten dereito na ringleira de poetas escollidos, merescentes de tal nome, no actual renascemento lírico de Galicia.

## Compromisarios galeguistas

D-acordo coa opinión manifestada pol-os Grupos que responderon a circular enviada encol da eleición de compromisarios e aprobado pol-o Comité, os candidatos galeguistas que figurarán nas candidaturas do Frente Popular son os seguintes:

POL-A CRUÑA: **Plácido R. Castro e Ricardo Carballo Calero.**
POR PONTEVEDRA: **Enrique Peinador Lines.**
POR OURENSE: **Alexandro Bóveda.**
POR LUGO: **Francisco Dominguez.**

# NO PARLAMENTO

# Discursos das minorías en Homenaxe a Vilar Ponte

**Para conoscemento dos nosos lectores e para que fiquen nas páxinas de A NOSA TERRA, damos a seguido algúns dos discursos que en nome de varias minorías parlamentarias foron pronunciados na sesión adicada ao noso inequescente irmán e diputado Antón Vilar Ponte.**

El Sr. PRESIDENTE: El Sr. Secretario va a leer una comunicación

El Sr. SECRETARIO (Madariaga): Dice así:

«Excmo. Sr. Presidente de las Cortes:

Tengo el sentimiento de comunicar a V. E. el fallecimiento de mi compañero D. Antonio Villar Ponte, Diputado electo por la circunscripción de La Coruña y ex Diputado de las Cortes Constituyentes. El finado pertenecía al Partido Galleguista

Con este triste motivo tengo el honor de reiterar a V. E. el testimonio de mi consideración y respeto.—Alfonso R. Castelao.—Palacio de las Cortes, 18 de Marzo de 1936».

El Sr. PRESIDENTE: La Presidencia cree interpretar el sentir unánime de la Cámara haciendo constar en acta el sentimiento por la muerte de nuestro compañero Sr. Villar Ponte, muerto, como saben los Sres. Diputados, cuando era Diputado electo, a causa de una rápida e imprevista enfermedad. Mejor que yo, los compañeros del señor Diputado fallecido van a destacar aquí sus relevantes dotes, de las que los que fuímos Diputados en las Cortes Constituyentes tenemos elocuente constancia. El Sr. Villar Ponte supo, con su constancia, con su trabajo y con sus artículos periodísticos, ir injertaddo en el sentido galleguista el sentido republicano; republicano de siempre, dado al trabajo, habiendo abandonado su profesión de veinte años al periodismo, el Sr. Villar Ponte supo animar en el sentido galleguista el sentimiento español, y la mayor parte de los hombres que aquí y fuera de España, en los paises americanos de la habla española, han sentido palpitar, antes de venir la República, lo deben a los artículos extraordinariamente interesantes del Sr. Villar Ponte Y hay algo que todavía queremos hacer notar con sentimiento más emocionado: el Sr. Villar Ponte ha muerto, puesto que sólo vivió de su trabajo, como los hombres que trabajan mueren: en extrema pobreza. Por eso, cuando nosotros hacemos constar el sentimiento de la Cámara en el acta de la sesión de hoy, hacemos constar, además de nuestro duelo, nuestra admiración.

El Sr. PASCUAL LEONE: El grupo parlamentario de izquierdas se adhiere, emocionado, a las palabras pronunciadas por el Sr. Presidente de las Cortes en memoria de nuestro compañero señor Villar Ponte. Para los que conocimos y tratamos a este malogrado Diputado, la emoción que sentimos es muchísimo más intensa. Nos recuerda, a los que ya somos veteranos en estas lides y en esta Cámara, la figura de Villar Ponte durante las Cortes Constituyentes. Los que hemos sentido la profunda significación de nuestra Constitución republicana, su ideología política y su sentido de España, su tendencia autonomista, vemos cuán identificada estaba al sentido de esta Constitución, que elaboramos en las Cortes Constituyentes, la figura de Villar Ponte, lo cual nos hacia esperar que en estas Cortes nuestro malogrado compañero había de jugar un papel muy interesante.

Su obra literaria, su hombría, su rectitud de carácter, hacen que la pérdida de este compañero sea un duelo para la vida pública del país y para las letras de Galicia.

A las Cortes, a Galicia y a la familia, esta minoría expresa su dolor y su solidaridad en el dolor mismo.

El Sr. RODRIGUEZ CASTELAO: Señores Diputados, en nombre de la hermandad galleguista que es algo más que un partido político, agradezco a la Presidencia y a los señores Diputados las palabras pronunciadas y que se pronuncien en memoria de uno de nuestros hermanos: Antonio Villar Ponte. Yo no puedo ocultar la emoción cuando pronuncio este nombre, porque con la muerte de Antonio Villar Ponte, mi fraternal amigo, puede decirse que asistí al entierro de veinte años de mi vida.

Antonio Villar Ponte era un gran periodista, un gran republicano, un gran gallego, un gran hombre. La República ha perdido en Galicia a uno de sus propagandistas más eficaces, y y en la Prensa gallega desaparece con su muerte el artículo, siempre magistral, que mejor interpretaba las ansias de justicia y de libertad que siente nuestro pueblo trabajador.

Antonio Villar Ponte se crió en un hogar impregnado con el recuerdo romántico de Nicomedes Pastor Díaz; estudió en la vieja Compostela, y fué liberando su espíritu con evasiones hacia el liberalismo, que allí se producen siempre como contraste. No tardó en abrazar las ideas de Pi y Margall, superando el federalismo regionalista y asimilando para sí el estilo moral que presidió la vida del gran republico, porque de Villar Ponte puede decirse que fué uno de los hombres que con más dignidad supo llevar siempre su pobreza.

Como buen gallego, Antonio Villar Ponte se encontró a sí mismo en la emigración bajo el peso de ese sentimiento que nosotros llamamos morriña—una palabra que todos vosotros conocéis, pero cuyo significado misterioso solo conocemos nosotros.—En Cuba, fué un forzado del periodismo, como siguió siéndolo después toda su vida. Allí soñó con una nueva Galicia, y regresó para realizar sus sue- [illegible] para mi tierra: ya nadie se acordaba de Antolín Faraldo; Alfredo Brañas había desaparecido: Galicia se dejaba asimilar estúpidamente, sin fuerzas para resistir, y si todavía existía era porque el Estado no había tenido poder bastante para convertir nuestra tierra en una llanura o porque la impermeabilidad del espíritu aldeano había sabido resistir las acometidas esterilizadoras del espíritu oficial.

En aquel tiempo yo me consideraba como el último superviviente de un pueblo suicida, cuando llegó a mi la voz alentadora de un escritor; era Antonio Villar Ponte, que tuvo la virtud de reunir a unos cuantos gallegos que que no nos conocíamos, pero que desde entonces quedamos unidos por vínculos que sólo la muerte va rompiendo.

A Villar Ponte se debe la idea que engendró el actual renacimiento de la cultura gallega, matriz del movimiento político que aquí nos ha traido. Imaginaos, pues, mi dolor y el dolor de todos los galleguistas por la muerte del fundador.

Todos nosotros, todos los Diputados que se sientan en estos escaños podemos lamentar la pérdida de un elemento que hubiera venido a estas Cortes con la misma emoción creadora con que vino a las Constituyentes; pero todos debemos lamentar más todavía la pérdida de un ciudadano ejemplar, de un ciudadano modelo, que por obedecer los dictados de su conciencia y por ser fiel a sus ideales no ha tenido inconveniente en sacrificar su vida. Porque habréis de saber, señores Diputados, que la menguada salud de Villar Ponte no podía resistir los trabajos de la propaganda a que él se entregó generosamente, ni siquiera las emociones de la victoria.

Villar Ponte ya es tierra de nuestra tierra; pero para mí, como para todos los galleguistas, el 4 de Marzo no hemos enterrado un cadáver; hemos enterrado una simiente, y los sueños de Villar Ponte florecerán en una nueva Galicia que nosotros sabremos construir a fuerza de trabajo y de voluntad para ofrendársela a la República.

En nombre de dos criaturas que ya no tenían madre y que acaban de perder su único sustento material, os doy las gracias. S. Presidente de las Cortes y señores Diputados. (Aplausos).

El Sr. LORENZO: Señores Diputados, en nombre de la minoría socialista quiero pronunciar unas sencillas palabras (que no corresponderán, no con mucho, a los méritos de aquel cuya ausencia lamentamos) para sumarme a este homenaje póstume en honor del Sr. Villar Ponte.

Con la muerte del Sr. Villar Ponte ha perdido Galicia uno de sus valores más positivos, y con Galicia, España entera; y, sobre todo, interesa resaltar que la muerte del Sr. Villar Ponte ha dejado un vacío imposible de llenar en las filas republicanas de nuestro país. Villar Ponte, cuyos méritos en orden a la cultura que poseía—ser uno de los representantes de la cultura galaica y una de las mejores plumas de nuestra tierra—no voy yo a encarecer porque no me corresponde- era para nosotros doblemente estimable por su conducta moral, que observó siempre, lo mismo en la política que en la vida particular.

No puedo ser ajeno en modo alguno al recuerdo que hacía el Sr. Presidente de su actuación en las Cortes Constituyentes, actuación paralela siempre a la de los representantes socialistas de aquella región, porque no en vano nos une a todos los que aquella región representamos un intenso, un fervoroso amor a la tierra que que ha sido tradicionalmente la más olvidada, la más menospreciada en el área política española. No podemos olvidar, sobre todo aquellos que le hemos tratado íntimamente por primera vez en las Cortes Constituyentes, aquel sentimiento de hermandad que se estableció entre el Sr. Villar Ponte y los hombres que lo rodeaban, con los representantes socialistas, no sólo de Galicia, sino de España entera. Hubo entonces una afinidad de sentimientos y de ideales que se imponía por encima de las fronteras políticas que parecían separarnos. El Sr. Villar Ponte merecería que en esta aportación que yo hago en nombre de una minoría tan importante se hiciera mérito suficiente de lo que significaba como valor humano, como valor políiico y como valor cultural.

Baste a los compañeros galleguistas—a ellos les consta positivamente sin que yo tenga que esforzarme con una inutilidad manifiesta para hacérselo comprender—saber cuánto hay de emoción, no en palabras, sino en el momento que vivo ahora, al recordar el cariño intenso que se había establecido entre el Sr. Villar Ponte y todos los que hemos tenido la suerte de tratarle. Consagrado, como decía, a la lucha que pocos gallegos, la parte más selecta de Galicia, había emprendido contra un caciquismo tradicional todavía no borrado de la realidad política de aquella región, ha sido siempre, no sólo uno más, sino uno de los mejores en esta lucha que nosotros tenemos que continuar y que continuaremos. Nada más.

El Sr. TOMAS Y PIERA: Señores Diputados, unas breves palabras llenas de emoción para hacer constar el profundo dolor de la minoría de Esquerra catalana ante la muerte del señor Villar Ponte. Nosotros lloramos la doble pérdida que representa la muerte de un compañero nuestro, la pérdida de un gran republicano y de un nacionalista gallego, de un hermano nuestro en virtudes democráticas y de un hermano nuestro en esencias nacionalistas.

Han evocado otros señores Diputados la labor del Diputado Sr. Villar Ponte en las Cortes Constituyentes. Yo quiero evocar, en sentido póstumo, lo que hubiera representado para estas terceras Cortes de la República la presencia del Diputado Sr. Villar Ponte, cuando, ya elaborada nuestra Constitución y establecidos en la misma los postulados laicos socializantes y autonomistas, existía la posibilidad de dar a Galicia un Estatuto. La labor del Diputado Sr. Villar Ponte hubiera sido considerable, de gran ponderación y de gran actividad.

Nosotros nos adherimos al dolor manifestado por el Sr. Presidente de la Cámara, por los Diputados gallegos y por la Cámara toda. Nada más.

El Sr. FERNANDEZ MATO: Señores Diputados, para adherirme en nombre de este grupo parlamentario, a las palabras de duelo aquí pronunciadas con ocasión de la muerte de D. Antonio Villar Ponte, nuestro compañero. Con él ha perdido España un patriota consciente, de sentido actual, y la República un gran ciudadano; pero Galicia ha perdido un apóstol.

Con palabras fervorosas ha evocado el Presidente el recuerdo de ese hogar en el que la muerte deja en plena orfandad dos criaturas de precaria salud, y yo espero, y quisiera que éste fuese el sentido fecundo de estas palabras de legítimo pesar, que la Cámara piense en ellos y en la situación de desamparo en que quedan.

D. Antonio Villar Ponte, compañero del que habla en empresas de liberal envergadura—no hemos de olvidar que Villar Ponte era cotidiamo colaborador de «El Pueblo Gallego»—, que ha vivido en perenne vocación de amor a su tierra como las antorchas se consumió alumbrado. Y cuando desaparece este hombre del haz de la tierra, dejando tras de sí una labor fecunda, con empuje de perseverancia, nosotros no quisiéramos ver el contraste doloroso de que mientras sus doctrinas triunfan, mientras Galicia recoge el fruto de una labor de veinte años, llena de austeridad, de sacrificios y probidades, se diese el sarcástico dolor de dos criaturas abandonadas a su propia suerte

El Sr. RODRIGUEZ DE VIGURI: Señores Diputados, en nombre de la minoría Agraria hemos de expresar nuestra sincera adhesión a las palabras con que el Sr. Presidente de la Cámara ha significado el dolor que ha producido la pérdida del Diputado Villar Ponte, Y al mismo tiempo hemos de expresar al grupo galleguista, al cual pertenecía Villar Ponte, lo sincero de ese sentimiento para mi mucho mayor por los vínculos de paisanaje que con el extinto me unían.

Era Villar Ponte un espíritu recio, consagrado a una dura labor que había quebrantado su salud en edad aún temprana; había tomado de las orillas del mar Cantábrico—hosto y recio—, en que había nacido, ese espíritu en el que florecía, dorando de ternura su carácter austero, un hondo amor a la tierra gallega. Y ésa es la cualidad que yo quería hacer, en este momento, resaltar. Por encima de las luchas políticas en que nos separan discrepancias de ideología; por encima de estimable labor de literato y de su gran obra de periodista existe algo que ha de quedar perenne de Villar Ponte, cuando ya se haya extinguido el recuerdo de todas nuestras luchas, y es su emoción amorosa a la tierra en que nació y a la que servía con vehemencias de apóstol que le hacían dedicarse a la propaganda de las reivindicaciones de la tierra gallega. A ese amor de Villar Ponte por Galicia ésta correspondió bien, porque, incluso por no separarse de él, ha querido retenerle para que duerma por siempre en su regazo, cuando esta segunda elección para representarla le obligaba a dejarla para vivir entre nosotros.

En nombre de la minoría Agraria, estoy seguro que también en el de todos los Diputados gallegos, puede tener el grupo galleguista la seguridad de que el concurso que se ha pedido para mitigar la amargura de la situación del hogar de Villar Ponte han de prestarlo, decididos, todos cuantos guardamos como una de nuestras más vivas emociones del espíritu el amor a la hermosa tierra en que hemos nacido. (Muy bien).

El Sr. PIÑOL: Señores Diputados, para hacer constar, en nombre de esta minoría regionalista, nuestra más fervorosa adhesión a las palabras pronunciadas por el Sr. Presidente con referencia al fallecimiento del Diputado electo por Galicia Sr. Villar Ponte. El sentimiento de esta minoría está formado por otros diversos: el de humanidad, que nos debe ser común; el el de afecto hacia un compañero que había de compartir nuestras labores legislativas en esta tercera etapa de la República, y el de afinidad de ideales con el Diputado galleguista fallecido, que puso todo su amor en la tierra que le vió nacer y que lo sacrificó todo, incluso su salud, para llegar a conseguir el reconocimiento de las libertades de Galicia, como nosotros venimos dedicando todos nuestros esfuerzos al reconocimiento de nuestra personalidad regional. En nombre de esta minoría regionalista saludamos con este motivo, testimoniándole nuestra condolencia, al grupo galleguista, rogándole que transmita la expresión de nuestro dolor a Galicia y, al propio tiempo, la seguridad de que aquellos ideales que propugnaba nuestro compañero fallecido habrán de encontrar en nosotros el eco y el apoyo precisos para que fructifiquen en lo futuro.

El Sr. IRUJO: Señores Diputados, el Sr. Villar Ponte era nuestro amigo, era un nacionalista gallego. Cualquier Diputado, fuese cual fuese el grupo a que perteneciera, hubiera tenido nuestro respeto y nuestro afecto al llegar el momento solemne y misterioso de su tránsito a la eternidad; pero un Diputado nacionalista debe tener, además, el grito de nuestra hermandad. De esa hermandad, pues, sale nuestra voz, la voz de los vascos, representantes del pueblo más viejo de Europa, para unirnos a Galicia, a la voz de sus hombres, pronunciando estas pobres palabras llenas de emoción y de respeto para quien fué, como el Sr. Villar Ponte, digno e ilustre representante de Galicia.

El Sr. ALONSO RIOS: Señores Diputados, hay dos momentos, uno en la historia de España y otro en la de Galicia, que están marcados por dos nombres. El de la historia de España es aquel en que la Institución Libre de Enseñanza hizo su aparición, por primera vez, en América, representada por la persona de D. Rafael Altamira. En aquel momento el concepto que los americanos tenían de los españoles cambió; los españoles dejaron de ser hombres que vivían mirando al pasado para transformarse en hombres modernos que saben estudiar, investigar y que están dotados de un alto espíritu de comprensión. Este fenómeno que se operó con la ida de D. Rafael Altamira a América se ha operado también con la marcha de Antonio Villar Ponte, con respecto a Galicia, y se marca haciendo el mismo contraste entre las dos épocas: la del desconocimieato y el ultraje y la del reconocimiento.

Antonio Villar Ponte era un espíritu avanzado entre la Galicia ultrajada y proscrita y la Galicia que ha de reconocerse, amarse y comprenderse. Formo el alma de Galicia en América y en la propia Galicia se convirtió en el portaestandorte de sus reivindicaciones.

Todos los que hemos vivido largos


**Vda. de Pío S. Carrasco**

(CASA FUNDADA NO 1894)

**Axente Comercial de Aduanas Colexiado**

**FLETAMENTOS,**

**CONSIÑACIÓNS,**

**TRÁNSITOS.**

**VILAGARCIA**

TELEGRAMAS: CARRASCO

APARTAMENTO NÚM. 3



**GALEGOS:** Consumide CHOCOLATE fabricado en Galicia. Así defenderedes a economía da nosa Terra.

**Chocolateiros galegos:** Para defender os vosos intereses, os da vosa industria e os da nosa Terra, non debe haber ningún que non perteneza a

**Asociación de Fabricantes de Chocolates de Galicia**

años en América hemos sido formados espiritualmente por Villar Ponte. En la República Argentina, donde recibimos al digno Presidente que hoy ocupa el alto sitial de esta Cámara, dejamos formada la Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales, y el espíritu de Villar Ponte es el que nos ha animado. Todo lo que hay de valor en el liberalismo y en el republicanismo moderno de España reflejado en América vive en aquella Federación, como sabe el señor Jiménez de Asúa. Esa Federación ha sido animada por el espíritu de Villar Ponte, como lo hemos sido todos los hombres avancistas de América y todos los gallegos emigrados que pensábamos en una España mejor.

Nosotros no podemos menos de sumarnos a este homenaje y dejar oír la voz de este modesto representante de la Federación Agraria de Pontevedra y de la Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales de la República Argentina, cuando ha desaparecido este gran hombre, este hombre toda voluntad, todo ética, todo constancia, que ha sabido perfilar, para su tierra una esperanza de reivindicación. Cuando todos decían que Galicia había sucumbido, él se levantó a afirmar esta verdad: «Galicia vive, aunque no se la quiera reconocer». La ha formado él con sus doctrinas, con su ética y su voluntad, y en España y en América ha surguido Galicia como un hecho evidente. Esta afirmación constituye una honra demasiado grande para que pueda olvidarse; por ello, con sinceridad y amor, me asocio de todo corazón al homenaje que hoy se rinde a su memoria.

El Sr. ROMERO CACHINERO: En nombre de la minoría comunista, me asocio al homenaje o, mejor dicho, al sentimiento de la Cámara por la muerte del Sr. Villar Ponte.

Recorriendo Galicia he podido observar como los campesinos, cómo el pueblo laborioso en general apreciaba a este hombre que había sabido mantener firmemente los principios de liberación de ese pueblo que vive hoy bastante esclavizado. Nosotros admiramos a esos hombres que luchan por la liberación de los pueblos y que en todo momento están dispuestos a los mayores sacrificios por defender sus libertades.

Yo no quiero extenderme en consideraciones, sino solamente adherirme a este dolor que hoy se observa en la Cámara y mostrar también nuestra condolencia a los Diputados galleguistas, que han perdido una figura relevante entre ellos y que en esta Cámara hubiera tenido en brillante actuación en defensa de las libertades de Galicia.

El Sr. Ministro de AGRICULTURA (Ruiz Funes): Señores Diputados, para adherirme en nombre del Gobierno a las palabras emocionadas que se han pronunciado en la Cámara en memoria del Sr. Villar Ponte.

Conviví con el Sr. Villar Ponte en las Cortes Constituyentes y pude apreciar que era un ejemplo de lealtad, lealtad republicana, en la conducta.

Ahora dirigiéndome singularmente a los señores Diputados de la minoría galleguista, he de expresarles que el recuerdo de Villar Ponte habrá de servirles de guía y esperanza en las futuras luchas hasta alcanzar el logro de sus ideales.

Significo, por lo tanto, en nombre del Gobierno, el pesar que compartimos todos por el malogro de la vida de Villar Ponte, que ha podido, sin embargo, dejar tras de sí el recuerdo de su obra fecunda y ejemplar.

A NOSA PROPAGANDA

## Tres importantes mitins en Ribadavia, Prado e Alongos

O pasado domingo, aproveitando o viaxe que o irmán Bóveda fixo a Ourense para espricar na Casa do Pobo a súa actuación no referente ás actas de Ourense, o Grupo de Ourense orgaizou tres actos de afirmación galeguista en Ribadavia, Prado e Alongos.

### En Ribadavia

O acto tiña por ouxeto dar a coñocer ante a opinión do Ribeiro a creación do Grupo galeguista de Ribadavia, recentemente constituído.

Estaba anunciado para as once e media, con intervención dos irmáns Salgado, Trasancos e Bóveda.

En toda a comarca de Ribadavia había grande intrés en escoitar novamente ao noso Segredario de Orgaización, que deixara unha gran impresión no mitin que na mesma vila se celebrara o xoves antes das derradeiras eleicións.

A hora anunciada o teatro estaba ateigado de púbrico, que recibiu aos irmáns oradores cando fixeron a súa aparición no escenario con grandes aplausos.

As intervencións dos irmáns Salgado e Trasancos, adicados á eisaltación das esencias galegas, do programa e fins do Partido Galeguista e do imperativo de traballar a prol da nosa Terra que deben sentir todol-os galegos, foron moi aplaudidos.

Bóveda iniciou a súa intervención agradecendo a quente ovación que lle foi tributada ao erguerse a falar. Espricou ampliamente as razóns de orde cultural económico e social que xustifican a aparición do Partido Galeguista. Analizou o dereito de Galicia a recabar un réxime de autonomía e as ventaxas que o mesmo representa. Propunou a urxencia do Estatuto. Trazou despois as liñas de actuación e de conducta que o novo Grupo galeguista debe seguir, para dar exemplo e servir de guieiro e proel na vida política da comarca. Rematou lembrando o exemplo de cibdadanía que a comarca de Ribadavia deu nas derradeiras eleicións e facendo unha merecida gabanza da intervención das mulleres. Alentou tamén a todos a traballar co mesmo entusiasmo na eleición a Compromisarios, pol-a gran importancia que para a Repúbrica ha ter a persoa que desempeñe a Presidencia.

A intervención do irmán Bóveda foi aplaudida con entusiasmo en varios dos seus períodos e cerrada con unha gran ovación e vivas a Galicia e a Repúbrica.

O acto produxo gran entusiasmo e deixou na vila de Ribadavia a mellor impresión

O Grupo de Xubín amostrou unha vegada máis o seu gran fervor patriótico mandado ao mitin un ómnibus ateigado de irmáns, con bandeiras e cantando o Himno, que tamén foi cantado ao rematar o acto.

### En Prado

Despóis de xantar en Ribadavia cos directivos do novo Grupo e algúns amigos do Frente popular, os oradores trasladáronse a Prado (do Concello de Castrelo de Miño), onde, por iniciativa do Grupo de Xubín i-en colaboración cos de Ourense e un núcreo de simpatizantes, se celebrou, ás catro e media, un novo acto.

Falouse alí especialmnte dos probremas que a nosa Terra e a comarca do Ribeiro teñen pranteados. Da solución que se podería dar aos mesmos dentro d-un réxime de autonomía. Dos fins que a tal respeito se propón o Partido Galeguista e a necesidade de que todol-os galegos anteponan a toda outra discipriña a que impoñen os intreses de Galicia.

O acto despertou tamén un gran entusiasmo e os nosos irmáns foron grandemente aplaudidos.

Seguramente non tardará en se constituir n-iste Concello un novo Grupo.

### En Alongos

Despedido o irmán Bóveda, que voltou a Pontevedra os irmáns Salgado e Trasancos, camiño de Ourense, detivéronse en Alongos, onde celebraron un acto orgaizado pol-o Grupo local, encamiñado principalmente a enfervorizar aos irmáns que o constituien e alentar ás xentes para a próisima elección de Compromisarios.

* * *

Unha gran xornada galeguista, que debe servir de exemplo i-estímulo para as que deben celebrar os nosos Grupos dentro das comarcas respectivas.

### En Escudeiros

O derradeiro domingo, con motivo de haber constituído un Grupo galeguista no importante pobo de Escudeiros, celebrouse un mitin no que tomaron parte os mozos nazonalistas de Celanova, irmáns Xosé Velo, Emilio Ferreiro, Remixo G. Gándara e Clodomiro R. Prenta.

Unha asistencia numerosísima con xente dos concellos de Gomesende, Cartelle e Ramirás, un ambente puramente galeguista sin mezcolanzas de ningunha crás, eran as notas mais destacadas d-aquel acto organizado polos galeguistas de Escudeiros.

Duas bombas diron a sinal do comenzo do mitin e a seguida presentación feita polo irmán Ignacio Rodríguez, fixo uso da palabra Clodomiro R. Prenta, quen eispuxo o panorama ofrece Galicia dende a data en que se uniu a Castela, deducindo a necesidade de conquistar pola razón ou pola forza un réxime de liberdade que acabe co estado de opresión i-estranxeirismo que envolve a nosa terra.

A seguir Remixo G. Gándara, eispón de unha maneira maravillosa as doctrinas do Partido Galeguista, e os fins libertadores da terra que persigue.

Esténdese moi acertadamente na custión cultural; remata dicindo que namentras os patrioteiros galegos que fican en Madrí berran España, España, os galeguistas dín Galicia, Galicia, Galicia.

Emilio Ferreiro, como sempre, en tonos rexos eisprica o trunfo electoral do 16 de febreiro e o seu verdadeiro siñificado. Craramente eispón por que os galeguisias foron as eleicións cos partidos esquerdistas de Hespaña, pro non embargantes fai constar que non somos mais que galeguistas e polo tanto os xenuinos defensores da patria galega.

Coida que contando co campesiño galego de todolos pobos igoal que se conta cos de Escudeiros o trunfo da nosa terra é un feito dentro de pouco tempo.

O irmán Xosé Velo cerra istes discursos con vibrantes párrafos que emocionan aos asistentes. Di que anque os mozos nazonalistas van mais alá da autonomía, recoñece que os únecos homes honrados que hai na Galicia son os que militan no Partido Galeguista.

Con gran esaititude pratexa o probrema económico, facendo ollar así o estado de coloña a que nos ten sometidos o centralismo.

Todolos ouradores que se eispresaron en tonos abertamente nazonalistas, foron interrumpidos moitas vegadas polos aprausos que lles diron os asistentes.

Despois de rematar o mitin, cantouse o Himno Galego e outras canciós patrióticas. Organizouse unha gaitada en que todo o mundo pudo divertirse canto quixo cun puñado de fermosas rapazas d-aquil pobo.

* * *

Ao mesmo tempo damos a noticia de haberse formado o Grupo Galeguista que conta con cerca de 100 afiliados; estando posta a Directiva da seguinte maneira:

Presidente, Arturo Vázquez; Segredario, Ignacio Rodríguez: Tesoreiro, Antonio Diéguez; Conselleiros: Serafin Rodríhuez, Antonio Xil e Manoel Loureiro Ríos; Revisores: Manoel Pérez, Antonio Rodríguez e Paulino Alonso Novoa.

Non cumpriríamos cun deber de concenza si no fixéramos constar nistas liñas a laboura fondamente galeguista levada a cabo polos irmáns Serafin Rodríguez, Antonio Diéguez Xil, Ignacia Rodríguez Xil, e o maestro, mozo nazonalista, Luis Vázquez Alonso.



## Encol do acordo de Concello da Cruña

Pola Segredaría xeral do Partido foi enviado ao Alcalde da Cruña o seguinte telegrama:

Nome propio e Partido Galeguista envio ese Concello entusiasta felicitación acordo plebiscito Estatuto agardando secunden Concellos galegos chegar rápidamente aprobación necesaria noso Estatuto.

Viva a Repúbrica. Viva Galicia autónoma.

*Gómez Román.*

* * *

Polo mesmo motivo foron cursados ao Alcalde cruñés moitos telegramas particulares.

Pregamos aos nosos grupos e irmáns o fagan tamén.

## Novos Grupos galeguistas

En toda Galicia véñense constituindo novos Grupos do Partido.

En números anteriores demos conta de algúns e hoxe engadimos os seguintes:

Na circunscripción da Cruña: Melide, Cecebre, Trazo e Arteixo. Ao mesmo tempo que foron aprobados os seus Regramentos no Goberno civil o foron tamén dos Grupos de Boiro e Bastavales de que xa dimos conta. Estanse orgaizando os de Zás, Santa Uxia de Riveira, A Baña, Miño, Cerceda e Serantes, algún no distrito de Ortigueira e os de Vilaboa, Villarrube e Pantin na comarca Senolán.

Na de Pontevedra están en vías de constitución os de Tuy, Armenteira, Golada, Puentecaldelas e outros.

Na de Ourense, constituise o de Córgomo, Escudeiros e estanse facendo os de Vilamartin e outros na comarca de Ribadavia.

En Lugo, ficarán logo formados varios pol-os distritos de Ribadeo, Viveiro, Monforte e Chantada.

## Grupo de Monforte

Este Grupo que se reconstituiu recentemente con gran entusiasmo e conta con un bon fato de irmáns ten aprobado xa o Regramento no Goberno Civil e elexiu a seguinte xunta directiva:

Presidente, Camilo Saco.
Vice, Ramiro Díaz Rodriguez
Segredario, Xulián Díaz Rodriguez.
Contador, Vicente Casanova.
Vocal 1.°; Xosé Enriquez e vocal 2.°; Antón Barreiro

## GALEGUISTA:

**Podes contribuir extraordiariamente á difusión do noso Semanario e da súa laboura patriótica se despois de o ler o deixas na barbeiría, no café ou na sociedade a que adoites ir ou o reexpides a algún amigo.**


**Traballos de Encuadernación**

Facer os encárregos na Imprenta LA POPULAR.—Charino, 7

MANOEL GÓMEZ ROMÁN
Arquiteito
Vigo

COLEXIO LEON XIII
VILAGARCIA

FRANCISCO Barreiro Salaño
Perito Agrícola
Santiago

VALENTIN PAZ-ANDRADE
Abogado
Vigo

R. GONZALEZ PASTORIZA
Abogado
Vigo

**VATERSTOP**

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMEDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experencia no saneamento de construccións e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP
Axencia xeral pra Galiza:
**Porta da Pena, 6. - SANTIAGO**

Gran Fábrica de Cervezas

**A BARXA**

TIPOS:
DOURADA
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

**La Erizana**

Fábrica de Aserrado de Madeiras para construccións

ESPECIALIDAD EN MACHIEMBRADOS

Forno de Cal en VIGO (Cataboy)

Dirixirse a **Román Marjin.** - Telefono 1675


Prelo de LA POPULAR.—Charino
Pontevedra

**Redaición-Adeministración:**
Rúa de Tetuán, 2-1.º— Pontevedra

SUSCRICIÓN: 4 pesetas semestre. Pago adiantado.

Número solto: 15 cts.

# A NOSA TERRA

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Ano XX — Galicia, 24 de Abril do 1936 — Núm. 411

**Decraración de principios do P. G.**

I. Galicia, unidade cultural.
II. Galicia, pobo autónomo.
III. Galicia, comunidade cooperativa.
IV. Galicia, célula de universalidade.

## XUNTANZA DO CONSELLO

### CONVOCATORIA

Querido irmán: O Comité Executivo en reunión celebrada fai días en Pontevedra tomou o acordo, que xa se fixo púbrico en A NOSA TERRA, de convocar ao Consello do Partido a unha xuntanza que terá de se facer o domingo día 3 de Maio en Santiago ás dez da mañán con ouxeto de tratar dos seguintes puntos:

Xestión do Comité.
Instruccións aos Compromisarios.
Plebiscito do Estatuto.
Actuación dos Xestores galeguistas nas Diputacións.
Data da V Asambreia do Partido e traballos preparatorios.
Propostas dos Conselleiros.

A esta xuntanza están convocados ademáis dos Conselleiros, os Diputados, os Xestores galeguistas e os Compromisarios.

Pol-o intrés dos asuntos a tratar prégovos a todos non deixedes de asistir a esta xuntanza. Os Conselleiros compre que traigan ao Consello o pensamento dos Grupos da respectiva zona.

Unha aperta do voso irmán na Causa,

*M. Gómez Román*

Pontevedra, 21 de Abril de 1936.

## VIEIROS

Augusto María Casas, como antes outros máis, laméntase da indifrencia con que o púbrico acolle as obras escritas na nosa fala e o pouco calor que en Galicia se se lle dona ao noso renascemento cultural de hoxe.

Pón o exempro da revista «Nós», de «Alento» e da Editorial «Nós». O probrema nin é novo nin perdeu intrés.

E certa esa indisculpabel e tamén inexpricabel indifrencia. N-estes intres de reconoscido e visibel rexurdimento da galeguidade, en todol-os ordens, non se exprica lóxicamente tal despreocupación. Cecais obedeza a que ainda non chegou á súa madureza este rexurdimento. A que en Galicia están superviventes as alleas infruencias. A que as persoas e institucións que millor poderían impulsar este rexurdimento no orde cultural están ainda divorciadas da Terra e do intre que Galicia vive de recuperación absoluta. A un pouco, ou un moito, de cada unha d-estas causas sin esquecer unha importantísima. Que hoxe, en xeral, adícaselle pouca atención á lectura. Non é Galicia soia a padescer esta realidade indiscutibel.

Porén, a cousa non é alarmante. A pesares das dificultades existentes a producción literaria en galego non se estanca. No que vai de ano lévanse pubricado varios libros. E libros bons. A preocupación n-este orde está latente. Hai anuncios de cousas a facer que ao mesmo tempo que aumentarán o ritmo categorizarán a laboura en marcha.

O momento é político, fondamente político. Aquí e fora d-aquí. Sinálao ben Augusto Casas cando lembra que Casal meteuse a Alcalde. E Casal anda a facer galeguidade no Cabildo Compostelán. Unha laboura galeguizante que chegará máis certeiramente ao conoscemento e comprensión do pobo que un libro saido da súa forxa patriótica. Sin deixar de facer libros.

¿Qué siñifica esto? Que temos que estar en todo para que a nosa obra rinda os maores froitos. Somos os galeguistas os que andamos a facer todo, absolutamente todo en Galicia. Loitando contra a indifrencia, contra os obstáculos tradicionaes e ainda tamén contra os entorpecimentos da hora presente creados pol-os que non están inspirados pol-a nosa arela de superior creación. E contra a carencia de elementos económicos, que é o noso principal nemigo.

¿Onde contando somentes co esforzo persoal se poido facer o que nós andamos a facer en Galicia?

Sigamos loitando. En todo. Para eso estamos. E cada día iremos acadando unha nova victoria, subindo un novo degrau. E chegaremos.

Afortunadamente non temos necesidade de deixar a política para adicarnos ao desenrolo excrusivo da galeguidade pol-a cultura. Nin viceversa. Temos xente para as dúas actividades. Moitos que a simultanean. As dúas teñen decisiva importancia e polos dous camiños imos ao mesmo fin.

Multipliquémonos a ataquemos forte polos dous flancos. Xa virán os trunfos rotundos.

EU.



## III ASAMBREIA DA F. M. G.

A Federación de Mocedades Galeguistas celebrará en Ourense os días 2 e 3 de Maio a súa III Asambreia ordinaria.

O Orde do Día para esta Asambreia é o seguinte:

Presentación de credenciaes
Eleición da Mesa.
Discusión das propostas que terán presentadas os Grupos encol dos seguintes puntos:
a) Troque de nome da orgaización.
b) Reforma da eistructura interna.
c) Postura doctriñal concreta.
Outras propostas que fan os Grupos.
Eleición de cárregos directivos según a orgaización que fique aprobada.
Clausura.

## Estetóscopo

*En Galicia hai unha Universidade que radica en Compostela. N-ista Universidade hai catedráticos que eisplican—como é lóxico—distintas discipriñas centificas das diversas Facultades. Houbo un tempo en que tamén se fixeron cursiños de conferencias encol de materias galegas. E se iniciaba unha ourentación comprensiva, cara os pilares da cultura autóctona. Un dia, de súpeto, as autoridades académicas trocárona oficialmente en «Universidade hespañola de Galicia». Igoal, esaitamente igoal que si dixéramos, Universidade inglesa de Calcuta. Baixo d-iste sacro siño fundouse un magno emporio centifico. Sede máisima e central d-unha unidade. Isa santa unidade de xentes e ánimas que calla pobos, linguas, cencias. Os directores universitarios, ao asumir a tarefa de dar forza e forma á Universidade hespañola ae Galicia, tiveron que asumir todol-os probremas que a unidade do Estado comportaba. Un d-istes probremas—esencial e básico—era o da unidade de cultura. Eiquí na falsa Galicia das falsas ideas, coidouse que o centralismo era algo asin coma un mitin de xendarmes. E que os intelectuaes sobraban.*

*Mais as cousas non son asín. Castela fixo a Hespaña. Impón a iñorma—díceo Ortega y Gasset—de que todo home millor, debe ser preferido ao seu inferior. o activo ao inerte, o agudo ao torpe, o noble ao vil, I-está perfectamente probado que na Universidade, que catro indocumentados queren tildar de galega, os intelectuaes alleos ao pais son superiores aos indixenas. Teñen a capacidade diviña e sublime de ser—internacionalmente falando—xenios, no orde centifico. Poseen o maravilloso don de saber adeministrar coma ninguén os béns da Universidade, aportados pol-os naturoles da Terra.*

*Historia de Galicia, Literatura, Xeografia, Cencia galega? Qué importan taes denominacións. O feito vivo, biolóxico e social da nosa Patria? Entelequias creadas pol-a imaxinación pautasiosa d-uns poucos. A arte, o esprito, a lingua autóctonas? Tópico manido para poñer cortapisas ás clucubracións da cencia pura, da cultura universal. Hespaña debe somellarse a Hespaña. E as Universidades de Hespaña ás Universidades de Hespaña. A nosa é unha Universidade hespañola de Galicia. Velahí a custión.*

*E si non que o digan os que todol-os días reciben ista magna leición dos centificos directores académicos.*

*E isa eiscursión artística a diversas cibdades peninsuares, costeada cos cartos dos alumnos para pasear ás donas, parentes e amigos dos catedráticos artistas.*

*Edificante por cen motivos a laboura da Universidade que osamos chamar galega. ¡Ela siñifica na actualidade a máisima tensión por conquerir a solución ortodoxa, sán e leal da única cultura hispánica. Que asin sexa!*

*SOLOVIO*

### FONDO ELECTORAL

## A Irmandade Galeguista de Montevideo

A Irmandade Galeguista do Uruguay, avencellada ao Partido Galeguista, en carta recibida na Oficiña do Partido na que expresa o seu fondo entusiasmo pol-o galeguismo acompañou cheque por valor de pesetas 414 con que varios irmáns de Montevideo contribuien aos gastos electoraes.

Os irmáns de Montevideo, como anteriormente os de Bós Aires, demostran d-este xeito canta é a súa preocupación a prol da laboura patriótica que o noso Partido anda a realizar.

Repetimos aquí o noso agradecemento a estes irmáns que fora da Terra siguen a cotío avencellados co despertar que arestora se produce e ao que aportan a súa colaboración patriótica e chea de entusiasmo.

Os nomes dos irmáns donantes son os seguintes: Juan José San Román, M. Leiras Mendez, Manuel Meilán, Antón Crestar, Rodolfo Prada, Ramiro Cantero, Pastor Garcia, Antón Varela, Domingo Rodriguez, Adolfo Parga, Arturo Costas, Xosé A. Morado, Manuel M. Martinez, Xesús Canabal, Xosé Añón, Xosé M. Diaz, Xosé A. Seselle, Xuán Valente, Vicente Bellón, Manuel Canabal, Nicasio Fuentes, Xoaquin Bello, Andrés Calvo, Xosé Liñares, Silvio Salas, Miguel Sánchez, F. Bello, Xosé Lorenzo, Manuel Veiga, G. Alvarez Blanco, Xusto Bello, Constante Rodriguez, Claudio López. Xulio Vázquez Anido, Xesús Cancela, M. M. González, C. Bóveda Amor e Irmandade Galeguista.

### A FESTA DOS MAIOS

## Un concurso en Pontevedra

A Sociedad Artística chama por este cartel a todol-os rapaces da nosa vila e das aldeias para que veñan pol-as rúas nos días primeiro, dous e tres do mes que ven a andar os maios festexando a entrada do tempo da fror i-o cantar a ledicia da nosa Terra según os costumes que nos veñen dos vellos.

Emporiso fai a «Festa dos Maios» que se ha de celebrar no día 3 e ofrez bós premios aos mellores maios, ás coroas mais ben feitiñas e aos cantares mais agudos. Veleiquí as condicións e mais os premios:

1.º A «Festa dos Maios» terá lugar o domingo día 3 na Praza de Touros ás catro da tarde. Para tomar parte nela os xefes das rodas de rapaces que fagan maios téñense que vir apuntar denantes do día 31 d-este mes, no casal da Sociedad Artística, na Praza do Pan, que está aberto todol-os días de sete e media a oito e media.

2.º Os maios faránse según a costume co seu arcabouzo de varales ou de canas i-a súa cubirción de fiuncho e virán enfeitados con frores, ovos e laranxas, sin trapos nin papeles, a non ser as bandeiras e gurrupíos, que sempre se lle poñen. Os premios daránse a os maios mellor feitos y mais axeitados ao costume da vila.

3.º As coroas han ser todas de arcos cubertos de fiancho, frores e laranxas, sean adobíos de papel nin outros requilorios que non veñan dos vellos. I-os premios daránse ás que estean mellor feitas e mais aqueladas.

4.º As coplas hanse cantar en galego e co aire dos maios de Pontevedra, non con música allea. Premiaránse as coplas mellor cantadas e mais churrusqueiras, nin tan agudas que firan nin tan paivas que non fagan gracia.

5.º A roda de cada maio non terá máis de nove rapaces. Os maios sortearánse denantes da festa para o orde en que teñan que cantar.

Os señores do xurado poden desbotar os maios que non cumplan os requisitos devanditos. Denantes de entrar a cantar os rapaces do maio entregarán ao xurado un exemprar das coplas; o xurado desiñará as cinco que vaian cantar na festa. Tamén poderá desbotar os maios que teñan cantado cantares aldraxantes ou porcos.

6.º Premios: Concederánse os seguintes:

Maios: Primero, 75 pesetas.
Segundo, 50.
Terceiro, 25.
Coroas: Un de 50 pesetas.

COPLAS

1.º Un lote de libros do poeta da raza Ramón Cabanillas, de «Labor Gallega», de Pontevedra.

2.º Outro lote de libros galegos da mesma entidade.

3.º Un libriño de dibuxos de Castelao, da mesma.

Os nomes dos compoñentes do xurado daránse a coñecer con anterioridade.

Pontevedra, Abril 1936.

## Xuntanza Cultural Barcalesa

Esta sociedade agraria e cultural que tivo sempre gran simpatía para o galeguismo ténse dirixido a Oficiña do Partido comunicando o desexo da sociedade de ingresar no Partido Galeguista

Pol-a Oficiña fóronlle dadas as oportunas instruccións e dentro de poucos días será feito o ingreso no Partido da sociedade que conta con un número de afiliados superior ao cento.

CAFÉ
GALICIA
Cantón Grande
A Cruña